


1000

Núm. 56

15-8-28

nóis



CATLÉ



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.º—A CRUÑA

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península 6'00 pesetas.

Fora da Península 8'00 »

Número solto 0'70 »

*Este boletín non publicará mais orixinais qu'os
que foran directamente solicitados pol-a Dirección.
Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emi-
tidos, a non ser dos que por non iren rubrados,
enténdense que son da Redacción.*

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

O viño da alegría, por VICTORIANO TAIBO.

Ensaio d'un programa pr'o estudo da literatura popular galega, por VICENTE RISCO.

Catálogo dos Castros Galegos, da Seizón de Prehistoria do S. E. G.

A Sangrante Namorada, por PEDRO DE RÉPIDE - (Traducción de J. I. R.)

Arquivo Filolóxico i-Etnográfico de Galiza.

Os homes, os feitos, as verbas, por-A REDACCIÓN.

Reloxería ZENITH

MÁQUINAS PARLANTES, DISCOS
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Abogado

Sanlo Domingo, 47-2.º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano X



Ourense 15 Agosto 1928



Núm. 56



Seres aleixoados, opresos pola dore,
a quenes a faterna consome noite e día,
almas cheas de pena, vinde a mñ, vinde prestes,
eu poseio un segredo: o viño da alegría.

Enxugai esas baguas que escaldan vosas faces,
abride os vosos peitos ás auras da ilusión,
a copa que soergo
é a meiciña certa pr'o voso corazón.

Non hai magoa moufeira, por cativa que seja,
que non desapareza ao seu poder vital;
unha copa somente
deixa as almas fridas libres de todo mal.

As horas de soedade, as mourenzas da vida
tornanse ao seu influxo en florecido abril;
o pranto do esconsolo
i o ritus da tristura, en ledicia souril.

Peitos malados, vinde! Vinde, almas doridas!
Só unha copa abonda! A cruel melancolía,
as dores que vos coutan van ficar espar'jidas
no miragre abraiante da bendita alegría.

VICTORIANO TAIBO.

(Do libro «Enxangadas» que vai aparecer editado por NÓS.)

ENSAIO D'UN PROGRAMA PR'O ESTUDO DA LITERATURA POPULAR GALEGA

(CONFERENCIA LIDA NA XUNTANZA ANUAL DO SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS TIDA EN PONTEVEDRA NOS DÍAS DE PÁSCOA D'ISTE ANO DE 1928)

Veño falar, coma Director da Seizón d'Etnografía do noso Seminario, da Poesía, ou millor, da Literatura popular galega. O tema e o tido apropiado pr'esta parola, había ser: *a y-Alma galega na literatura popular*. Efectivamente, eiquí está o qu'importa qu'esa literatura seña a manifestazón d'unha alma sustancial e distinta... Hai vinte ou trinta anos, no tempo do positivismo, cando os feitos literarios e todol-os outros feitos d'orde cultural se tiñan coma resultancias de difrentes concausas d'orde físico, habería qu'enxergal-o asunto d'outro xeito en todo diverso, e non houbera parecido dino da ciencia, o intento teórico qu'o tido expresa. Mais hoxe é xa outra cousa: hoxe os feitos culturais considéranse coma manifestazóns visibéis e externas d'unha alma colectiva, coma formas criadas pol-a y-alma d'un pobo, que por elas s'espresa, e todas elas, coherentes unhas co-as outras, sin que ningunha d'elas poida ter un desenrolo independente, compoñen unha expresión fisionómica completa, que o historiador pode interpretar. Determina a y-alma d'un pobo nas suas formas culturais enxebres, é o que chamamos interpretación fisionómica da historia. En realidade, iste concepto venlle á historia da etnografía, e d'eiquí a importancia capital que hoxe ten esta ciencia. O noso intento pois, responde ás arelas da ciencia dos nosos días.

Agora ben, *a y-alma galega na literatura popular*, é tema doado pra tratar líricamente, mais imposíbele, pol-o d'agora, de tratar centíficamente.

Por certo, todos sabemos, todos témol-a impresión viva e forte de qu'a nosa literatura, tanto erudita coma popular, ten algo seu

que non ten outra ningunha, ten unha expresión característica e inconfundíbele, ten unha fisonomía particular. Todos nós poderíamos apuntar sen incerteza, algunhas das siñas, das marcas que a individualizan: o sentimento da terra, o lirismo, o humorismo, a saudade. Pra divagar n-unha pseudofilosofía doada, entretida e galana, abonda co-eso; mais a ciencia pide outra cousa.

Ainda mais: os mais letrados atopan sempre qu'esas características de sentimento e pensamento qu'aparecen na nosa literatura sabía e popular, aseméllanse o mais posíbele, ás que os escritores antigos e modernos dan coma distintivas da y-alma céltica. Ningunha cousa mais lóxica, pois así coma canto dín de influencias e colonias gregas e troyaas na nosa Terra, non pasa de ser un conto inventado por un escuro retórico estabrecido na Bética, Asclepiades de Mirlea, do que ren se soubera si nono houbera copiado Strabón, pol-o que toca ós Celtas, non sómentes está fora de discusión o seu asentamento eiquí na Edade do Ferro, senón ainda o parentesco indudábele da nosa poboazón anterior á iles co-a das outras terras por iles ocupadas no Oucidente europeu... Mais isto é pouca cousa pr'o noso intento.

Iste tema da poesía popular galega, anque pareza mentira, é un tema centíficamente inédito. Todol-as ciencias, enantes de chegaren a unha sistemática, pasan por un tempo de recolleita e clasificación de feitos. O estudo da literatura popular galega áchase aínda no comenzo d'esta laboura: temos algunhas coleccións de cántigas e copras, algunhas de refrás e algúns romances; mais as leendas, os contos, os apólogos, as adiviñanzas, e todol-as demais manifestazóns da musa

popular, é somentes agora e, compre dicilo: gracias á revista NÓS, que encomenzan a ser recollidas á cito.

Pol-o tanto, pra estudar centíficamente a literatura popular galega, co-as luces da etnografía e da literatura comparada, temos que emprincipiar pol-os primeiros pasos, e agora, eiquí, n-esta parola, non poderemos sair dos preliminares. Imos ver somentes si podemos sental-as bases do estudo centífico da nosa literatura popular. De camiño, non quita que vaian xa surtindo ouservaciós curiosas qu'un poida aproveitar despois. Ó m'encomendar á vosa benévola xentileza, prégovos perdón por si teño que repetir cousas cecais sabidas, mais compre en todo caso emprincipiar por elas.

O qu'imos estudar forma parte do *folk-lore* ou saber popular (en alemán *Volkskunde*). Esta é unha ciencia aínda nova. A súa nacemento, com'ouserva moi atinadamente Van Gennep, no comenzo do seu libro *La formation des légendes*, débese ó romantismo. O romantismo, a mais poderosa e mais nobre corrente d'ideias que comoveu Europa nos tempos modernos, o romantismo ó que debemos nós, galegos, a nosa renacemento do século pasado, o romantismo qu'ergueu ós Precursores, non consiste, coma pensan moitos aínda, en cantar á lua e morrer d'amor. É unha modalidade temperamental, e é unha aitude filosófica; no fondo, é a Saudade. É unha aitude filosófica, e por iso alampa no pensamento misteco e subríme d'un Schelling, d'un Schlegel d'un Novalis. É unha modalidade temperamental e por iso non houbo verdadeiro romantismo na Italia, nin na Hespaña, nin cáxeque na Francia, e houbo na Alemaña, e houbo na Inglaterra, e houbo na Irlanda, e houbo na Galiza.

O clasicismo, pechando o espírito no estreito circo da perfeición erudita dos modelos gregos e romanos, mantivo moito tempo o pensamento e o gusto europeu n-un pequeno mundo ond'il quería ver todas as grandezas, e inoroutodo o que non fora aquilo d'onde sacara os seus ídolos. Así s'es-

prica que os Portugueses non describiran as subrimidás da India, e que Camões falara do cativo Olimpo ó pé do excelso Kailasa, e sentara á Baco no trono de Vishnu e Mahadeva.

O romantismo crebou as cadeas que nos tiñan amarrados ás columnas do Parthenón, e diante dos ollos da Europa, escarramelados de pasmo, revelou á un tempo o exótico e o enxebre. Europa coñeceu o *Ramāyana* e o *Mahābhārata* da India, o *Schah Nameh* da Persia, o *Tao-te-King* de China; mais tamén Francia volveuse ás súas *Gestas*, Alemaña ós seus *Nibelungen*, Scandinavia ós seus *Eddas*, Escocia ó seu *Ossian*, Finlandia ó seu *Kalevala*, e todos á súa literatura popular.

O estudo sistemático da literatura popular foi iniciado na Alemaña pol-os irmáns Grimm, na colección *Kinder-und-Hansmärchen*, publicada en 1812-13, os cales, co seu imenso saber filolóxico e mitolóxico, emprenderon o labor d'interpretal-os contos e leendas.

Dend'entón o labor que se ten feito n-iste senso no mundo inteiro, mete medo. Non podemos eiquí nin tan xiquera resumilo nas liñas xerás. No que segue irase vendo algo.

Ora, enantes que nos metamos no problema da interpretazón, compre facer un ordeamento do material, que é por onde s'empeza. Compre que emprincipemos por unha clasificazón, por unha división en seis.

Unha división da literatura popular, ha ser naturalmente, pouco mais menos, com'a da literatura erudita, pol-o menos, nas liñas xerás. Isto é ben comprensible, xa que no fondo, unha e outra veñen responder ó mesmo pulo radical, bifurcan d'unha raíz común, e endexamais viven isoladas de toda unha da outra, aínda nos tempos de mais artificial clasicismo ou de sévil imitancia do alleo. Pol-o tanto, non hai incoemente en que apriquemos á literatara popular a manida mais inevitábele división dos tres xéneros, e a dividamos en *épica*, *lírica* e *dramática*. Notemos que esta derradeira, antre nós, vai cáxeque perdida, embora teña deixado abondo sinais de ter existido, e embora aínda se representen n-algús lados desfigurados *autos sacramentais*, por Nadal e

Semana Santa, e *entremeses* pol-o entroido.

A *épica popular* é antre nós a mais importante. Pode qu'esto vos pasmee; mais compreter en conta qu'eiquí non falamos de *épica* en verso, senón que comprendemos n-ela toda *épica* fragmentar, toda literatura oral de caraute *narrativo* ou *didáctico*, ou seña, o que outros, o folklorista catalán Serra i Pagès, por eixemplo, chaman *novelística popular*. A novela sempre foi tida por xénero *épico*, e a *didáctica*, de tan grañ desenrolo no Oriente e nos nosos períodos *románico* e *gótico* (por non empregarmos a *espresión surannée* d'Edade Meia) sobre todo na Hespaña, pol-a influencia arábica e xudai-ca, entra na *épica* tamén.

Na *épica narrativa* faremos duas seizóns: *as leendas* e *os contos*. Que diferenza hai antre leenda e conto? Duas fundamentais: a localización e a creenza. A leenda está de cote localizada: o que n-ela se conta, aconteceu n-un lugar determinado: «no Castro de Morgade, na fonte de Sabariz, no puzo do Inferno»... O conto acontece en lugar e tempo indeterminado: «*Erat quidam rex in cujus imperio quidam pauper habitabat...*» asegún o eixemplo que Van Gennep tirou dos *Gesta Romanorum*. A leenda refírese pra que a crean, dáse coma acontecida realmente; o conto cóntase coma cousa discurrida, coma creazón literaria: «contos que van de camiño», é a *espresión* dos nosos peisanos.

Ora, a leenda pode ser de tres castes: *mítica* si se refire a persoaxes sen existencia histórica: sirvan d'eixemplo os mouros que habitan nos castros. Estas leendas solen ser *espricativas*. O pobo quer unha *espricazón* dos feitos qu'ouserva; os nosos peisanos perderon a lembranza dos nosos antepasados que ergueron os castros, e queren saber quen fixo aquelas fortificazóns, e pol-a lei das trasposicións de Raul Rosières, puxo os mouros no canto dos verdadeiros construtores dos castros. Outras veces, a leenda invéntase pr'espricar un nome: Xurenzás, perto do Carballiño, enantes chamábase Zás, mais o Señor d'un castelo qu'alí había, prendeu alí á un seu nemigo, e fíxolle xurar que se daba por vencido; e il dixo: «*Xuro en Zás*

qu'estou vencido». Asina *esprica* a leenda o nome de Xurenzás. Cando as leendas se refíren a divindades, ou sirven pra *espricar* fenómenos astronómicos ou meteorolóxicos, entón constitúen o *mito* propiamente tal: por eixemplo, antre nós, as referentes ós *nubeiros*, *tronantes* e *legrumantes* que tran e fan cair o pedrazo. Asegún algúns intérpretes, todas as leendas e os mais dos contos, serían mitos primitivos mais ou menos desfigurados; así o coñecido persoaxe chamado Barba Azul, din que é o deus indo Indra, rei do firmamento e dono do raio, que n-unha semana mata sete auroras, que son as sete mulleres de Barba Azul, e os irmáns da derradeira e vengadores das outras son os Açvins que repersentan os crepúsculos. A porca Cinzenta borrallenta, malcontenta do conto de nenos, é tamén a Aurora coberta pol-as nubes, que son as irmás, e que por fin xúntanse co sol, que é o príncipe. Os fundadores d'esta escola foron os irmáns Grimm.

A leenda pode tamén ser *histórica*, com'a nosa do Mariscal Pero Pardo de Cela, ou pode ser *haxiográfica* ou referente á vida d'un Santo, com'a de San Ero d'Armenteira ou a do bendito San Amaro, posta en verso en xeito popular pol-o noso Cabanillas e en estampas manificas por Castelao. Notemos de camiño qu'antre nós son escasas as leendas históricas.

Vistos os tres tipos de leendas, temos que falar agora dos *romances* que poden pertencer a calquera das tres clases. Dubidouse algún tempo da existencia d'un romanceiro galego, e aínda hoxe non son moitos os recollidos. Murguía, no seu libro *Galicia*, Antonio de la Iglesia no volume III de *El idioma gallego*, o mestre Cotarello na revista *Ultreya*, Maciñeira en *San Andrés de Teixido*, Xaime Prada en *NÓS*, o *Boletín da Academia galega* e outras revistas mais antigas, teñen publicado xa un bó mangado d'íles. Hai unha imensa diferenza antre o romanceiro galego e o romanceiro castelán. O romanceiro castelán é principalmente histórico e realista: predominan n-il os romances referentes á historia nazonal, os mouriscos e os fronteirizos. O noso é idealista e lexendar: predominan os romances de tipo novelesco, os relixiosos e os de bultras, e hai nos dous

primeiros a mesma atmósfera de breemosa vaguedade e de fondo sentimento que nas novelas do ciclo bretón ou nos dramas da primeira época de Maeterlinck, cando aínda non acudira ós remedios de Voronoff. Hai-nos com'o d'Albuela, *Dama Gelda*, *Don Gai-feros de Mormaltán* que son verdadeiras xoias literarias.

Tamén podemos dividir os contos en varios tipos: 1.º *Maravillosos*, que se relacionan co-a leenda, e tratan moitas veces os mesmos asuntos. — 2.º *Eixempres*, que son os que se propoñen un ensino, ben seña moral, ben seña endemonolóxico, ou do que chamaríamos con Gracián Arte de Prudenza, disciplina cara a Schopenhauer, e popular entre os nosos peisanos, cos nomes de *trastenda*, *Gramática parda*, etc. Nos contos d'iste tipo, que por outra beira poden entrar na didáctica, podemos arredar, seña en prosa ou verso, dúas castes: *apólogos*, cando os persoaxes son bestas, e *parábolas* cando son cristiãos. De calquera das dúas castes hai abastanza, e abonda percorrer o *Arquivo filolóxico e etnográfico de Galiza* da revista NÓS, o *Idioma gallego* de la Iglesia, o volume IV da *Biblioteca de las tradiciones populares españolas*, as revistas antigas, pra atopar ben d'iles. Tamén son moitismos os dos dous tipos seguintes: 3.º *Humorísticos* e 4.º *Eróticos*. Pol-o derradeiro, solen facer outro cos 5.º *Mnemotécnicos*, que sirven pra axudar á memoria e que nos fan presente algo no que mais adiante temos qu'insistir: o carate utilitario da literatura popular.

Aínda ademiten os contos outra clasificación fundada nos temas: contos de *bruxas*, de *lobos*, de *ladros*, de *cava*, d'*abades*, de *xastres*, do *demonio*, das *ánimas*, de *bestas*, do *zorro*, e outros que non quero lembrar.

A *didáctica* podería comprender tamén os contos que chamamos eixempres e os mnemotécnicos, mais deixarémola reducida á parte mais esmigallada e fragmentaria da literatura oral, e faremos Seizóns: *Sentenzas* que comprende os *proverbios*, os *refrás* e os *ditos*; as *adeviñanzas* e os exercizos d'aprendizaxe, com'os *trabalenguas* e outras cousas pol-o xeito. Da primeira seizón hai recollido moito, principalmente refrás; lem-

bro agora as coleicións de Ricardo Carunchó, *Cantares y refranes gallegos*; Saco Arce, na *Gramática gallega*, Emilio Alvarez Jiménez, *Refranero agrícola gallego* (Pontevedra, 1904); La Iglesia, no vol. III de *El idioma gallego*; o vol. IV da *B. das T. P. españolas* por Machado; Carré Aldao, *Refranero gallego*, Cruña 1908, etc.

Tocantes ós ditos e frases feitas, que teñen unha imensa importancia, hai na *Gramática* de Saco Arce, no volume citado de *El idioma gallego*, no da *B. das T. P. E.*, moitos eixemplos.

•••

Mais difizle de clasificar é a *lirica*.

Trátase eiquí de verdadeira lírica, coma era a dos *Cancioneiros*; pois a nosa lírica popular, co-a esceución se cadra d'algús parrafeos en verso, está feita pra ser *cantada*, e aínda á veces, depende da música. Isto é o primeiro que hai que ter en conta: o estaren destinaídas ó canto as obras d'esta caste. O qual imprica o que cada tonada teña as suas copras determinadas, sen que seña lícito, en vigor, estudar arredadamente a letra da música.

Outra cousa que compre ter en conta é a *ocasión* en que se cantan as cántigas. Moitas veces, o destino preciso das cántigas esqueceuse. En moitos lados, hoxe, a xente canta indistintamente cántigas compostas pra diversas ocasións. Os Coros galegos cantan tamén á oito, postos en roda, e c'un acompañamento de gaita, tamboril, bombo, pandeiro, ferreñas, ferros e castañolas. Con esto, as cántigas non solo perden intrínseco etnográfico, senon tamén valor estético. Xavier Prado, n-*A Retirada de Napoleón*, e o Coro *Saudade* da Cruña, trataron d'escenificar as cántigas dos Coros, pondoas no seu ambiente natural. O qual iba atinado porque compre considerar pra que auto da vida foi cada cántiga composta. Com'ouserva Van Gennep, referíndose ás leendas, a cántiga é o auto pra que foi composta, forman un todo cuíos elementos débense considerar á un tempo: «O recitado dos contos, fábulas e leendas non se fai en calquera instante do día. Ben é un da riola d'autos propios pra s'espá-

rexer dos traballos do día; ben serve pra intensificar a aución (no camiñar pol-o deserto ou na selva) ou preparar pr'a aución (a caza, a batalla, etc.). Asina di Van Gennep. Pra min esto acozete con mais motivo nas cántigas. Non hai dúbida qu'as cántigas d'*espadelada* sirven pra soste co-a música o ritmo do traballo da tascadeira, qu'as cántigas d'*arrollo* sirven pr'adormentar os nenos co-a súa melopeia monótona. Pro aínda mais que isto: hai cántigas que teñen un valor ceremonial e de rito, coma son as de *Reises* e d'*Aninovo*. E aproveitarei esta ocasión pra faguer notar que *ritmo* e *rito* (verbas que veñen da mesma raíz indoeuropea) expresan no seu fondo metafísico a mesma cousa, sinificada na verba sanskrita *ritam*, cúa incarnazón sobrenatural é Vishnu, aquela parte da divindade manifestada (Saguna Brahman) que sostén e conserva a vida do mundo, que é rito, que é ritmo: ritmo, coma se dixéramos, música e poesía. D'eiquí a universalidade e a eternidade da Arte, a súa inmensa potencia e a súa omnipotenza, pois a Arte, que é ritmo e rito, é a que sostén a vida do mundo.

Pois ben: a nosa primeira clasificación da lírica popular galega fundarase no rito, ou seña, no destiño das cántigas. Coido que, anqu'iste cadro pódase millorar, posto que ademais non é a lírica a miña especialidade, nin teórica nin practicamente, pódense establecer as seguintes categorías de cántigas:

1.^a *Cántigas correspondentes ás festas do ano*, de carate relixioso ou non, supervivencias algunhas de ritos paganos. Temos eiquí as de *Aninovo*, com'as que cantan no Castro de Caldelas, con música moi sinxela e primitiva:

Ano novo, ano novo
Ano novo velo chí ven
veña pol-o noso ben
pol-o de vosté tamén.

de *Reises*, com'a qu'insera La Iglesia:

D'Ourense saen tres Reis
Todos tres en compañía
En tres cabalos fermosos
Que reluman com'o día.

De *Semana Santa*, com'aquela:

Jueves Santo, Jueves Santo
Tres días antes de Pascua
Quand'o Redentor do mundo
Aos seus discipulos chamaba

Dos *Mayos*, com'as que cantan n-Ourense:

Velo chí ven o Mayo
pol-a Burga abaixo

De *Nadal*, com'aquelas de:

Caminando vai
A Virxen María
San Xosé levaba
en súa compañía

Ou:

Os fillos dos ricos
en berces dourados
e tí, meu nenito
nas pallas deitado

De *San Xohan*, d'*Entroido*, etc.

2.^a *Cántigas de romaxe*, que se cantan no camiño das romerías, moitas d'elas de carate relixioso, com'as referentes ó San Andrés de Teixido, recollidas por Maciñeira no seu libro e por Ben-Chu-Shey en NÓS. Son estas de tradición ben antiga, pois descendem das dos pelengris de Sant-Iago.

3.^a *Cántigas de divertimento*, das que podemos facer dúas castes, asegún señan ou non pr'acompañar o baile. Antr'as primeiras, temos as *muñeiras*, *riveiranas*, *fandangos*, *carballesas*, etc. e moitas veces as *pandeiradas* e *cántigas de pandeiro*. Antr'as segundas, as *alboradas*, *alalás*, *cántigas de regueifa* e *desafío*, *foliadas*.

4.^a *Cántigas pr'acompañar o traballo*, que son as d'*arada*, d'*sega*, d'*espadelada*, d'*vendima*, d'*arrieiro* e outras moitas.

5.^a *Cántigas domésticas*, onde encaixan os *arrollos* e *cántigas de berce*.

6.^a *Cántigas de cego*, propias pra pidir a esmola, moitas veces improvisadas no instante e endereitadas a persoa determinada.

Agora, imos clasificar as cántigas líricas pol-o ritmo, xa qu'as clasificamos primeiro pol-o rito. Esta é unha clasificazón mais sinxela na aparencia. Imos botar man tamén d'un conceito, seguramente inevitábele, da vella poética: imos distinguir a *forma externa* da *forma interna*. Clasificalas pol-a forma externa é cousa doada: as formas métricas e as formas estróficas das nosas cántigas, cóntanse pol-os dedos: as mais son *quadradas* ou quartetas oitosilábicas de rima alternada a sonantada de segundo con carto, por eixemplo:

Marmula, marmulador,
marmula de min e d'outro;
no inferno hai unha cama
para descansar un pouco.
(Saco e Arce, n.º 109).

Algunhas, seña ou non por casualidade, teñen rima perfecta:

O río vai alodado
E mais eu nono alodei
Nunca ninguén diga nada:
Tal auga non beberei.
(Arzúa, S. A. 115).

Outras téñena nos catro versos:

Se mal dixerem de tí,
Non te botes a pensar,
Pórtate ben, eso si,
E deixa o mundo falar.
(Id. 118).

A orixe d'estas quadradas semella toparse nas estrofas latino eclesiásticas de catro versos, en que domiña o dimetro trocaico, ou de tetrametros trocaicos partidos en dous hemistiquios, com'indica Saco e Arce, e semella case seguro no tocantes a Galiza.

Logo ven o *terceto* oitosilábico, con rima de primeiro con terceiro e o segundo libre. Emprégase moito nas cántigas de pandeiro, com'ouservou Murguía. Murguía, e Milá e Fontanals supuxeron s'istes tercetos serían supervivenza das triadas céltigas. Mais as triadas céltigas eran case sempre monorrimas. O pandeiro con que moitos d'istes can-

tos s'acompañan semella de procedenza arábica, e por outra parte, nos cantos latino eclesiásticos emprégase tamén esta forma, coma no *Dies irae*. O terceto haino tamén d'abondo, e ademais, moitas quadradas autuás, deberon ser n-outro tempo tercetos, que se convertiron en quadradas repetindo un verso, ou engadéndolle outro que non ven o caso, coma nos seguintes eixemplos:

Herba do trebo miniña
herba do trebo rapaza
herba do trebo miniña
herba do trebo che naza.

Santa María d'Entrimo
Santa Marta d'Ortigueira
a muller que come a nata
non pode ter a manteiga.

E hainas que se cantan n-un lado coma quadradas, n-outro coma tercetos.

As *muiñeiras* ofrecen moita variedade de metros, mais predomiña o endecasílabo anapéstico, chamado de *gaita galega*:

Aquil cabaleiro que vai da cabalo

misturado co sáfico, co decasílabo, e con outros.

Hai tamén copras con versos de *seis* e *sete sílabas*, com'as dos Mayos d'Ourense, que solen ter sete, e os de Nadal antes citados, que teñen seis, unhas e outras en forma de quartetas.

Pol-o derradeiro, hainas con variedade de metros.

A forma interna, o desenrolo e disposición do pensamento, que é precisamentes o de mais intrínseco, posto que os metros e formas estróficas cóllense empréstados doadamente, é cousa d'unha análise mais delicada, e me non estreverei eu eiquí a faguer unha clasificazón, senón somentes indicaciós que o día de mañá nos poidan servir de guía n-un estudo mais aprofundado.

Antr'as formas antigas da nosa poesía, sinala Menéndez Pidal coma mais características da lírica galega, a estrofe *paralela*.

leca, a de *refrán* e a de *lexaprén*, namentras que caracteriza á lírica castelán a composición na que unha copra inicial qu'encerra o pensamento todo, ven logo glosado cada verso nas estrofas seguintes. Pois ben: na nosa poesía popular, consérvanse integramente o refrán e o lexaprén. Nas cántigas de regueifa e desafío, sucesoras da *tenson* dos trovadores, emprégase o lexaprén, coma tamén nos parrafeos.

O refrán emprégase nas cántigas de caute relixioso, coma nos Reises, ou profana coma nos Mayos, e en moitas cántigas e brincadeiras dos nenos.

Outras vegadas, as formas dos poetas dos *Cancioneiros*, aparentan desfeitas e trocadas, coma n-esa mesma de:

herba do trebo miniña
herba de trebo rapaza

na que hai unha crara lembranza da forma paralelística de:

Ay Santiago, padrón sabido
.....
Ay Santiago, padrón probado

Tocantes á armazón das quadras oitosilábicas, hai n-algunhas d'elas unha cousa curiosa: semella que se compoñen de dúas partes, os dous primeiros versos, e os outros dous. O mesmo pensamento repítese dúas veces, o mais á miúdo, primeiro n-unha forma simbólica e despois d'un xeito craro:

Pereira que non da peras
quen ha d'ir enriba d'ela?
Meniña que non ten honra,
quen por noiva a de querela? (S. A. 122)

O caldeiro na molida
pousadiño non s'estruga:
Solteiriña, se tes nai,
qu'ande sempre en tua compañía (id. 124)

Outras e ó rivés:

Tírate d'esa ventana
non seas tan ventaneira;
unha cuba de bon viño
non necesita bandeira. (id. 165)

Outras se non vé tan crara a relación an-
tr'as dúas partes:

O carballo dá a landre,
o castiñeiro a verdura,
rite, queridiña, rite
rite de quen te marmura (id. 112)

Outras, aínda menos:

Santa María d'Entrimo
Santa Marta d'Ortigueira,
A muller que com'a nata
non pode ter a manteiga.

Ora, imitante a esta é a armazón do versículo bíblico: un pensamento glosado, exposto dúas vegadas: unha d'un xeito concreto, outra d'un xeito xeral e simbólico... Coido que temos aquí un asunto dino d'estudo que compre escrarecer.

Resta somentes a clasificación pol-o asunto, pol-o contido. Eiquí, pol-o d'agora, non temos porque nos arredarmos da clasificación que nos deixaron os nosos devanceiros. Saco e Arce dividiu as copras en *relixiosas*, *morales*, que eu dividiría en estritamente *morales* e *endemopolóxicas*, *amatorias*, *sentimentais*, *festivas*, *satíricas*, *locales* e *varias*. Cumpriría engader as *eróticas*, que il desbotou *pudoris causa*, as *impias*, que desbotou tamén, e as de *rebeldía* cuia existencia indica, e menciona algunhas, como:

Vamos indo, vamos indo
Par'o servizo do rei;
os ricos quedan na terra
E y-eu que son probe, irei.

e a tan sabida:

Castellanos de Castilla,
que facedes ós galegos?

Cando van, van coma rosas,
cando vén, ven coma negros.

* *

Esposto o quadro de clasificazón da nosa literatura popular, compre agora que deamos algunhas ideas pr'a súa interpretazón.

Nas composicións narrativas, contos, leendas e romances, a interpretazón é relativamente doada. En primeiro termo, elas xa teñen de por si un senso; son cousa construída, e c'unha referencia cara á un mundo fantástico tradicional, que todos poseemos en herdamento dos nosos denantepasados, a un mundo de ideas, figuracións e sentimentos que é propiedade social da raza. Tamén é esta caste de composicións a primeira que recibiu un tratamento científico, polo qu'o viciro fica millor aberto e practicábele.

Referida, d'end'os irmáns Grimm, toda a épica narrativa á mitoloxía, podens'aplicar á ela os criterios de todas as escolas d'interpretazón mitolóxica. Mais, primeiramente, é lexítima esta referencia da épica narrativa á mitoloxía? Contos, leendas e romances, teñen efectivamente un fondo primitivo mitolóxico? Os seus asuntos son mitos evolucionados? No meu concepto, coido que se pode responder que o estado actual dos estudos etnolóxicos, sociolóxicos e mitolóxicos, lévanos a dicir que nos mais dos casos, si. A mitoloxía semella ser a forma natural e primixenia d'ise mundo tradicional d'ideas, figuracións e sentimentos á que hai un instante nos referíamos. A mitoloxía é a forma simbólica incoscente que toman as ideas e as intuicións dos primitivos. Do mesmo xeito que nos sonhos, por modo incoscente, os contos psíquicos do que dorme, revestén feituas simbólicas, que a onirocrítica con Freud e outros tratan d'espricar, igual acontece na mente desperta dos homes nos que o pensamento racional se non interpuxo diante das impresións directas do exterior ou do interior. Mais que é, en derradeiro termo a lóxica, que é en derradeiro termo a ciencia, senón unha tradución en símbolos, da nosa experiencia sensíbel e dos datos da introspección?

Agora temos que ver o que poden sinificar

os símbolos da mitoloxía. Pr'a escola histórica ou *evemerista*, que aínda ten partidarios, representarian lembranzas de feitos históricos desfigurados polo a imaxinazón popular. Crar'está que o que cumpriría espricar, de ser isto certo, son as causas d'esa desfigurazón. Hoxe non ten creto esa escola, mais así e todo, hai casos nos que, en parte, poderíase dar a razón. Non hai dúbida que os mouros encantados, as donas, os xigantes, os nenos con barbas e demais persoaxes qu'o noso pobo supón eisistiren nos moimentos prehistóricos, relaciónanse cos seus verdadeiros habitantes e construtores; os mouros encantados relaciónanse tamén en partes cos mouros históricos. A historia colaborou na formazón da leenda.

Pr'a escola *simbólica*, fundada polo alemán Creuzer e que aínda é sostida polos teosofistas, as leendas serían mitos desfigurados polo pobo, e os mitos serían símbolos cos que o sacerdocio ilustrado dos pobos antigos, especialmente d'Oriente, envolveu as súas coñecencias metafísicas e morais pr'a seguraren a súa conservación. O senso esotérico d'istes símbolos, era decrarado nos misteiros sagros sementes ós iniciados; o pobo ignorante interpretábaos *ad pedem litterae*, e d'eiquí as fábulas e as supersticións. Tampouco hoxe ten creto esta doutrina, anque se non poida negar que as leendas teñan un senso filosófico e moral, e algunhas veces, procedenza erudita. Nos meus traballos téñome referido ó ensino filosófico-moral das leendas, ó falar do tema da trabe d'ouro e a trabe d'alquitrán, do que lle preguntan si quer o ouro ós puñados ou ós ferrados, da cobra á que lle hai que dar un beixo, etc. todos iles d'alcance moral. Esta escola simbólica foi rehabilitada en 1906, na Alemaña, por Winckler, Jeremias, Siecke e demais fundadores da *mitoloxía astral*, que veñen reproducir as ideas de Dupins e Gubernatis—a que tanto cita o noso Murguía—de que todos os mitos refírense ós movementos dos astros.

Pr'a escola *filolóxica* de Kuhn e Max Müller, os mitos, leendas e contos, referentes todos iles orixinalmente ás forzas da natureza, vivían de xogos de palabras, persoificación de nomes comúns, falsa interpretazón de ver-

bas. Cofecida é a súa fórmula: *nomina númina*. A mitoloxía sería unha doenza da linguaxe. Xa vimos, no caso de Xurenzás, com'unha verba pode dar nacemento a unha leenda. Tamén o deron os nomes de Caldeas, Maceda, Xunqueira e outros; mais isto non ten un valor xeral.

A escola hoxe mais estesa é a *antropológica*, fundada pol-o escocés Andrew Lang e iniciada enantes pol-os irmáns Grimm. Esta escola considera os mitos, contos e leendas coma froitos espontáneos do espírito primitivo, e espricaos pol-o animismo, o totemismo e a máxica. N-esta idea está concebida unha das mais grandes colleitas xerais de mitos e leendas. *The Golden Bough*, de Frazer. Dos partidarios da escola antropológica uns ademiten, seguindo a teoría das *Elementargedanken* d'Adolfo Bastián, a produción independente en cada pobo dos temas lexendares, e outros sosteñen a emigración das leendas d'un pobo a outro. Tamén esta doutrina está hoxe en crise.

A escola *histórico-cultural*, fundada por Leon Frobenius, considera os elementos mitolóxicos coma parte d'un complexo de elementos de cultura que teñen unha orixe común e forman un todo inseparable, unha figura, unha fisonomía, que ten un estilo, e que ten capacidade d'expansión dentro d'unha área xeográfica determinada. É o que se chama *Kulturkreis* (círculo cultural). Ora, coma dicíamos o comenzo d'esta palabra,—e qu'esta idea fiquen ben impresa nos vosos espíritos—este complexo cultural independente, é en cada caso, a expresión e a creación d'unha alma diferenciada: responde á unha especial concepción do mundo, á unha determinada actitude fronte da vida.

Pol-o tanto, no noso labor, trátase principalmente de recoller e xuntar e ordear todas e cada unha das manifestacións enxebres da vida galega, sen que ningunha d'elas poida ser insignificante; pois a mais miuda e que mais desprezible nos semelle, é unha peza solidaria do conxunto, ten o seu sitio no cadro, forma parte da nosa figura fisonómica. Cando á poder de paciencia e de traballo, vaíamos tendo a figura composta, iremos lendo n-ela a clave do noso fado histórico. Din por ahí, e é o meu parecer atinadamente,

que Galiza é unha rexión inédita, qu'aínda non deu de si o moito e bó que pode dar. E de certo vos digo que si queremos dar algo noso á historia, se queremos facer algo no mundo, ha ser, e somentes pode ser, aproveitando ises elementos qu'esta nosa laboureira recolla, liberando a y-alma enxebre que vive acochada debaixo de moitas camadas d'elementos alleos deprendidos e non asimilados, e que pol-o tanto, lonxe de nos seren úteis, sonnos un empecramento.

Mais todas estas interpretacións do contido das leendas, contos e romances, pertencen mais ben, se cadra á outras ramas do folklore, á mitografía, poño por caso. O que o estudo literario debe buscar n-elas—e esta é unha das ideas importantes que quixera asentar—é mais que nada, o *estilo*. A razón, despois do que levamos dito é ben errada: unha fisonomía, un sino, unha alma, é principalmente un estilo. Ora, o estilo é, coma veremos, o mais difizle de determinar concretamente.

Tamén corresponde á outras ramas do folklore, a interpretación do contido da literatura didáctica, a qual ofrece principalmente materia filolóxica, entendendo a filoloxía *lato sensu*, com'a ciencia que estuda o pensamento d'un pobo, toda a súa psicoloxía e a súa historia, nas súas manifestacións lingüísticas e literarias. Unha das súas divisións, a *estilística* ten a isto unha especial aplicación. A estilística non entende o estilo precisamente no senso en que nós empregamos a palabra estilo hai un instante, senón n-un senso mais concreto: a disposición do pensamento na súa expresión. Toma en conta as formas sintácticas, os modismos e idiosmismos, as irregularidades morfolóxicas, as formacións analóxicas, as preferencias léxicas, os cambios semánticos, unha chea de cousas que o primeiro ollar semellan sen importancia. Labor inxente, pesado, estadístico, revoltante... Sabido é qu'algús investigadores alemás chegaron á botar a conta das veces que tal autor clásico emprega tal verba determinada nos seus escritos. Lembrome d'ouvirle falar d'esto á Unamuno, con indignación, no seu despacho de Salamanca. É mais non tiña razón pra falar asína. Algo d'esto indicou, referíndose á sintaxis e

os modismos, Saco e Arce na sua *Gramática*, en toda a sintaxis, e especialmente, da páxina 216 á 222. A importancia das preferenzas léxicas é importante e reveladora, por exemplo, o que un escolle antre varios sinónimos. Pra dicir *palabra*, hai varias expresións, en galego: *palabra, verba, termo, expresión, vocábulo*; en castelán hai *palabra, término, expresión, vocablo, voz*; en francés: *parole, terme, vocable, mot*; mais o galego, o portugués e o castelán, empregan de preferenza *palabra*, e o francés, *mot*. Nin o galego nin o francés empregan *voz* ou *voce* nin *voix* na acepción de *palabra*, e o castelán, si. *Verba*, por influencia castelán, quedou relegada, e agora fíxose case unha expresión culta. Estas semellanzas e diferenzas léxicas expresan semellanzas e diferenzas psicolóxicas. — D'eiquí tamén a importancia dos que chamamos *ditos*, e qu'incruímos antr'as sentenzas, na división da literatura didáctica. Nos *ditos* van comprendidos os modismos, frases feitas, comparanzas, idiotismos, etc. Respeito das comparanzas, por exemplo, das que, referíndose a Portugal, ten un curioso estudo meu amigo o Doctor Claudio Basto, qu'eu comentei e apriquei a Galiza en NÓS, non hai dúbida de que revelan propensión a determinadas asociacións d'ideias, que de ningún xeito son casuais, e que denuncian unha especial estrutura mental. O azar non intervéñen n'estas cousas, coma cecais n'outra ningunha, e o sino que leva á nosa xente á dicir d'un individuo de probe desenrolo fiseco, que *é ruín com'a fame*, é o mesmo que a leva a empregar com'un aldraxe a verba *famento*. Non vou lembrar eiquí os estudos de Wundt de Schmidt, de Graebner e d'outros en col d'iste asunto.

Coma de formanza mais libre e espontánea, son por elo os ditos moito mais reveladores que non os refrás, que teñen xa unha forma fixa e dada, e cuio ensino áchase tamén mais patente. Os refrás ofrecen o problema da influencia da gnómica oriental, tan estesa por Europa dende o século XII até o Renacemento. Fora d'isto, os refrás intresan mais á outras ramas do folk-lore.

Unha considerazón especial merecen as adiviñanzas, nas súas variadas formas. Non

somentes nos presenten os mesmos asuntos d'estudo qu'os ditos, senón que revelan d'un xeito notabre a potencia criadora do noso pobo: semellanzas insospeitábeles, símbolos de lonxana relación co-a cousa sinificada, imaxes d'un estrevemento inaudito na literatura culta, salvo cecais nas mais novas escolas d'avangarda, persoificación, vivificación de total-as cousas, verdadeira aitividade criadora de mitos. Os dedos do qu'escribe son bois, a pena é a vella do arado, o papel é a terra qu'un ara, a tinta é a semente qu'un vai deitando no rego; o candil é unha besta e a torcida é a albarda; o rabo do galo é un ramo; os paus do argadelo son cabalos; o bico é unha eirexiña, a lingoa é o abade e os dentes os feigreses. Os mitólogos abrirán o ollo ó sentiren que o sol é un *boi xoto*, e as estrelas, *vacas raxadas*; non semella isto sacado das Vedas? Nas adiviñanzas amóstrase tamén a facilidade dos galegos pra criaren verbas: o galo chámase *Barbouzán*; os cornos da vaca, *tusturustús*; o ovo, *Cucurico* e *xarriña de fonforronfón*; a gaita, *Zuncorondullo*, etc.

Normas imitantes temos qu'apricar á interpretación da lírica. Tamén eiquí temos qu'analizar o asunto, as imaxes, os procedementos poéticos, a estilística e a lingoaxe, erguer estadísticas e mapas, vel-os sentimentos e as ideas predominantes e os seus matices e relacións, estudal-as cántigas en relación co-a música e co uso á que se destinan, determinar, si se pode a súa cronoloxía e o seu lugar de procedenza. É ter en conta, n'isto com'en todo, o consello de Frobenius: «non recuar diante de ningún labor estadístico, por parvo que pareza». Os detalles mais miudos son importantes; os erros, as incorreicións mesmas poden dar luces inagardadas.

D'un xeito xeral, e con aplicazón a todos os xéneros, daremos eiquí agora unhas cantas normas que, no estado actual das coñecencias folk-lóricas, coido eu que deben ser tidas en conta, e son:

1.º A literatura popular non constituíe un simples xogo do espírito, non é un puro divertimento, non é brincadeira. A y-alma popular non cria pol-o pracer da creazón, ou somentes por unha necesidade interna, coma

fai moitas veces o artista erudito. Acontece igual que cos xogos dos rapaces: dicían antes qu'os nenos enredaban por enredar; dixo o poeta Schiller qu'os nenos paseaban un excedente d'enerxía á que tiñan que dar saída, e enredaban pra liberala; hoxe semella comprobado pol-os estudos de Gross e de Claparté, qu'o xogo dos nenos ten unha utilidade: é un exercizo educativo espontáneo, co qu'eles vanse preparando pr'o traballo útil. Pois o mesmo é co-as creazóns da musa popular: ten unha finalidade utilitaria na mór parte dos casos ben definida. E esta utilidade é dupla: é *teórica e práctica*.

A utilidade teórica maniféstase, por exemplo, nas leendas espricativas. Van Gennep di que todas as leendas son espricativas. Como dixemos ó comenzo, o pobo quer unha espricación dos feitos qu'ouserva. Iñora a orixe d'un moimento antigo, do nome d'un lugar, de tal costume que por tradición ven ouservando: a leenda ven esprical-o enigma, botando man dos mouros, de tal miragre, de tal feito importante. Quer saber a que se deben as rarezas do pedrazo ou da chispa eléctrica: os nubiros e os tronantes venen dar razón d'elas. Pergúntase d'onde ven tal doenza corporal ou mental: o meigallo, o mal de ollo, o demo, tran a resposta.

Cecais debamos chamar tamén utilidade teórica, á transmisión da tradición. Meiante as leendas, os contos, os romances, as coplas, os refrás, que dan ás súas coñecencias unha forma concreta e definida, o pobo asegura a súa conservación tradicional, e asegura a transmisión oral de moitos coñecementos útiles de relixión, moral, filosofía, astronomía, meteoroloxía, medicina, hixiene, agricultura, artes mecánicas, etcétera. D'eiquí que moitas oracións, refrás, conxuros, adiviñanzas, etc. estean en verso. D'iste xeito, non sómentes o sonsonete axuda a memoria, senon qu'a forma é máis fixa, menos acosada á alteración e a súa transmisión máis fiel.

A utilidade práctica é máis variada. Como vimos, unhas veces o verso axudado da música, sirve pra marcar o ritmo do traballo, acompañando o movemento e facéndoo máis doado, coma nas *espadeladas*; outras aproveitase o poder hipnótico do canto, coma

no *arrollo*; outras emprégase coma estimulante psicomotor, coma nos *d'arrieiro*. Pode tamén formar parte d'unha ritualidade, ser un elemento d'un *ceremonial*, coma nos Ma-yos, nos Vilancicos, e n-outros cantos relixiosos. Pode ter unha utilidade manifestamente *máxica*, coma nas oracións e conxuros pra curar doenzas. Neste temos que ouservar que, sen darlle toda a xeneralidade que lle quer dar a escola antropolóxica, se non pode negar que moitas cántigas e poesías que hoxe conservan un valor puramente artístico, puideron ter outrora un destino máxico. O qu'os nenos lle cantan ó arco da vella, ten a forma crara d'un conxuro.

Pol-o derradeiro, hai que ter en conta a utilidade pedagóxica.

Teñamos en conta qu'en Oriente aprenden aínda os nenos e os grandes por meio de proverbios; apólogos, alegorías, aforismos e fórmulas mnemotécnicas, e qu'en Occidente, nos séculos da pre-escolástica e da escolástica, empregáronse os mesmos procedementos, dos qu'a esperiencia afirmou a eficacia. Ninguén ha negar o valor utilitario dos contos e exemplos, dos refrás, nin das adiviñanzas coma exercicios d'inxenio de valor educativo, nin das composicións de carate mnemotécnico. Aínda quedan os trabalinguas, que non son máis qu'exercizos prosódicos, e os problemas, que se poden considerar incruídos nas adiviñanzas:

Catro pás, catro cás,
un pan e medio e medio pan,
a como toca cada cán?

Cantas son tres medias moscas e mosca e media?

Veleiquí dous problemas de crebados moi propios pr'os rapaces da escola.

2.^a Máis non por iso, debemos esquecer o rol da pantesía, do espírito criador do pobo; o pobo ten com'os poetas a necesidade psicolóxica de crear, de pór en xogo a maxinación. E ademais ten tamén, moitas veces,

a necesidade de mintir. E anque o pobo cree c'un fin utilitario, sempre pra crear, crea coa pantesía, e outras vegadas altera os relatos deprendidos. A pantesía esprica pol-o menos moitas variantes das composicións populares.

O problema eiquí está en sinalar os lindeiros da pantesía popular. Eu coido que tanto a popular com'a erudita son moito mais limitadas do que se pensa. A repetición secular dos temas a súa extensión xeográfica, as súas emigracións, os seus constantes arranxamentos, confirman d'abondo o meu pensar. Hai, crar'está, verdadeiras creacións; tivo qu'habelas, pol-o menos n-algún tempo; pro nos mais dos casos, a xente non fai mais que repetir pasivamente o que deprende. Eiquí reside a forza da tradición. E isto espricase: a creación é dos tempos de *cultura*, a repetición é dos tempos de *civilización*.

3.^a A pantesía, por limitada que seña, e o esquecemento, son os axentes principais da deformación da literatura tradicional. A memoria do pobo pr'os acontecementos históricos, está demostrado que é moi escasa; calcúlase qu'a lembranza d'un feito histórico, cando a escritura nona fixou, non dura arriba de 150 ou 200 anos. A leenda, especialmente a leenda mítica, é moitismo mais persistente, e así e todo áchase espota a ser desfigurada e á aparecer co tempo con lagoas e interpolacións, dándose n-elas, com'en toda a literatura popular fenómenos de contaminación, falsa interpretación, etc.

4.^a Os temas de leendas, cántigas líricas, contos; os refrás, as adiviñanzas, emigran d'uns pobos a outros en tal forma, que moitas vegadas pasma atopar o mesmo conto, o mesmo refrán, dito na mesma forma, nos lugares mais afastados do mundo. Mais na mór parte dos casos a difusión é limitada adentro d'unha área xeográfica que se pode determinar. Adentro d'isto non hai pobo que non teña recibido elementos literarios alleos; ora, en tofodol-os casos d'importación, compre ter en conta a lei da adaptación, de Raul Rosières; cand'un elemento cultural troca de meio trasfórmase pra adaptarse ás condicións etnográficas e sociais do novo meio. Os yankis chaman a iste fenómeno *acculturación*. En col d'isto di Van Gennep: «Cada agrupamento humano ten unha sorte d'individualidade

específica, que s'espresa e ainda consolida pol-a transmisión de xerazón en xerazón, de mitos, leendas e contos. Durante o seu período de forza, non ademite n-esto com'en nada, mais qu'elementos conformes co-as súas tendenzas vitais esenciais, e trasforma, asegún estas tendenzas, o que chega de afóra.»

5.^a Non hai un valado qu'arrede a literatura popular da erudita. Os escritores aco-den a cotío o pobo buscando inspiración, e ata argumentos inteiros. O arrinque popular do *Convivado de Piedra* de Tirso de Molina e do *D. Juan Tenorio* de Zorrilla, foi descuberto en Galiza por Victor Said Armesto. Unha obra tan tremendamente intelectual e erudita com'o *Faust* de Goethe, ten por base unha leenda anónima. Eiquí mesmo, hoxe, os nosos poetas d'avanguardia, ategados de leituras francesas, tenden com'o chórado Amado Carballo, a volverén ás formas poéticas do *alalá* e da cántiga popular. Á súa volta, o pobo colle tamén cousas da poesía erudita. Hai unha fermosa copra galaico-portuguesa, creada pol-o pobo, cuia orixe determinou o Dr. Claudio Basto:

Nó seo da Virxen Nai
incarnou Diviña Gracia;
entrou e'saiu por ela
com'o sol pol-a vidraza.

Pois ben, a comparación da incarnación de Deus e parto da Virxe co paso do sol pol-a vidraza, é d'orixe erudito, orixinalmente quen a inventou foi un teólogo e filósofo do século XII: Pedro Lombardo. Eis o seu texto:

«Sol penetrat vitrum, nec frangitur ant violatur; sic Virgo peperit, nec maculata fuit.»

Alfonso X repetiuna nas *Cántigas de Santa María*; e pasou despois por moitos libros de devoción portugueses e casteláns, pol-os que chegou o pobo.

Compre, pois, ter en conta estas normas xerás d'estudo, e téndoas en conta, temos qu'ir o estudo da nosa literatura popular en tofodol-os aspectos. Coido qu'istes teñen que ser os seguintes:

O aspecto histórico, que é duplo: primeiro

historia da mesma literatura popular, o seu desenrolo xeral, orixe e desenvolvemento de cada tema e de cada forma; segundo que é o que nos revela a literatura popular pr'a historia total de Galiza.

Logo, o xeográfico: espallamento xeral da literatura popular galega, área de cada tema e de cada forma, variantes locás, relación cos feitos xeográficos.

Logo, o puramente etnográfico: relación cos costumes, coas creenzas, coas formas sociais, que nos revela a literatura popular tocantes a todas estas cousas.

Logo o psicológico: que mentalidade e que sentimentos revela, que modos de ver o mundo e concebir as cousas da vida.

Ainda hai o estético: valor estético das creacións do pobo galego, seu estilo —e o filosófico: que ensino encerran en si mesmas estas cousas, non no seu estudo, senon no seu contido— e o puramente filolóxico e lingüístico.

**

E pra remate, que é o que hoxe podemos dicir? Cales son as nosas conclusións provisionais? Cal vai ser a nosa hipótese de traballo?

Dixen o comenzo que todos nós, todol-os galegos temol-a conciencia íntima da nosa personalidade colectiva, e o fondo sentimento da racialidade céltica. Mais isto, con ter a segura verdade que teñen todal-as cousas que veñen do instinto, poucas vegadal-o podemos espresar en conceptos claros. Pol-o regular, estas semellanzas e estas diferenzas dos pobos, que solen ser de matiz, aprécian-as moito millor os alleos. Eles poden coller moitos detalles que nós, afeitos a vermol-os a cotío, pásannos desapercibidos. Asina foi coma puido Castelar pór aquil prólogo tan luminoso ás *Follas novas* de Rosalía, prólogo que cecais seña, antre todol-os escritos do gran tribuno, o único pol-o qu'o tempo non pasou, e que leído hoxe nonos soara a cousa resésiga e revellida. Margot Sponer, unha rapaza alemáa intelixintísima, adicada ó estudo da língoa galega e que pra ouvir falar á xente andivo por isas aldeias, despois de percorrer toda a Hespaña, diciame n-Ouren-

se que nos nosos peisanos atopara unha psicoloxía, unha maneira de ser e de portarse inteiramente semellante á da xente da Europa Central, e que nada que s'imitara á iso, ouservará no resto da Hespaña. «Os galegos —diciá— é o único pobo europeu da Península». Cousa qu'eu tiña dito xa, sen esperanza de qu'os galegos me deran tino, anqu'agora pode acontecer d'outro xeito, si ven qu'é unha extranxeira quen o dí.

A literatura popular confirma esta impresión. En conxunto, notamos:

Na épica predomiña o elemento mitolóxico e haxiográfico, e falla ou pouco menos o histórico realista. Isto indica, en primeiro termo qu'o pobo galego é na sua entraña *idealista*, com'as razas do Norte; logo, que ten unha conformazón mental *panteísta* —o qual non é o mesmo que profesar o panteísmo com'unha doutrina— e tamén a influencia n-il da educación eclesiástica, do que ven que moitos pensemos qu'o romanismo ven dos padricadores do Evanxeo, e non dos funcionarios da Roma imperial, nin dos colonos nin dos lexionarios. Por iso chamei eu ó galego *homo infimae latinitatis*. Tamén vemos que persisten os temas e persoaxes dos ciclos cabaleirescos: Don Roldán, Gran Torpinos, Bernal francés, o Duque Cego, o Conde Nilo, o San Graal, o rei Cintoulo, que ven ser Artús. Eiquí temos espresado o *romantismo* conxénito dos galegos.

O *medievalismo* da nosa cultura manifestase aínda nos contos e nas copras humorísticas, cheas d'intención, e ó mesmo tempo d'unha ledicia san e forte, que lembra ó Arcipreste de Hita a Boccaccio e a literatura imitada por Balzac nos *Contes drolatiques*. Por algo Castelar, o mais racial dos artistas, ten tanta admiración pol-o Bosco; por algo Cabanillas escribiu *Diante d'unha cunca de viño espadeiro*. O galego é aínda un románico.

Esta mesma tendencia amóstrase na lírica; mais a carón d'ela, está na lírica e na épica, o sentimentalismo romántico, a vaguedade malencónica, a *saudade*. Xa apareceu a saudade... Coma imos fuxir d'ela s'a levamos cravada no peito, com'aquil cravo que levaba a Santa Rosalía? Porqué fuxir? Saudade é romantismo, é idealismo, é o pulo espiritual

o *élan vital* que leva a todas as conquistas e a todas as grandezas!

Asina que, o carate galego amóstrase na literatura popular ata e coma é na realidade; pagano e animista en moitos instantes, intensamente cristiao sempre; apégado ós intreses, preocupado do material, da *sua vida*, coma din os peisanos, e erguendo nos instantes de lecer o seu soño idealista e romántico; pándego e cheo de leda e riscira malicia, ou melancónico e saudoso. Nunha verba, estrano e contradiutorio. Isto ten a súa razón: os psiquiatras modernos teñen determinado a existencia de dous tipos de caracteres extremos fundamentais: os *esquizoides*

e os *ciclotímicos*. Os ciclotímicos siñálanse polas alternancias de ledicia e tristura, de pulo e de depresión, d'actividade e de nugalha; proceden por arrautadas. Pois ben, o alemán Kretschmer observou qu'entrambos tipos psíquicos corresponden a diversos tipos fisonómicos, e qu'o tipo fisonómico do ciclotímico é o tipo normal da raza celtoalpina, á que pertence a raza galega.

Por fin, coido que Galiza pódese definir etnográficamente d'un xeito provisorio, dicindo que é o extremo Sul da *Céltiga*, o extremo ocidente da *Romania*, e o *Fisterre* do vello mundo.

VICENTE RISCO.

CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS

PUBRICADO POLA SEIZÓN DE PREHISTORIA
DO «SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS» DE SANT-YAGO

Número X

O CASTRILLÓN

EMPRAZAMENTO. — Na provincia de Ourense, concello de Celanova, freguesía de Bobadela. É o punto dominante de unha pequena cha, que colle terreos das freguesías de Bobadela, Orga, Fechas e Soutomel polo nacente, norte e sul, e que polo ponente está cinguida polo río Sarga.

OBSERVAZÓNS. — Non se ollan n'iste outeiro, formado por un afroramento de pedra de grá ningún vestixio de fortificación, nin hai lembranza de que teñan aparecido n'el obxectos arqueolóxicos. Unha terraza acharrada que ten na banda do oeste, foi feita polos pedreiros que dende tempo veñen arrincando pedra das canteiras do montículo.

N'el houbo outrora unha capela adicada á San Amaro, da que non queda oxe en pé nin o mais pequeno resto. A imaxe do santo, que alí se veneraba, dixerónnos que fora trasladada á igrexa parroquial de Bobadela.

FOLKLORE. — Pese ós nosos inquiritos non poidemos acadar ningún.

BIBLIOGRAFÍA. — Inédito.

(Catalogado por Florentino L. Cuevillas).

Número XI

CASTRO DE BERREDO

EMPRAZAMENTO. — Na provincia de Ourense, concello da Bola, freguesía de Berredo, e desviado 400 metros cara o nacente do lugar de iste nome.

Está posto no cume de un monte isolado, que a mais de domínar parte do val de Celanova, pecha un dos pasos de comunicación do val da Arnoia coas terras da Limia.

DEFENSAS. — O cume do monte está aplinado por complot e rodeado de un pequeno terraprán, revestido por un muro de metro e medio de ancho, feito de cachote en seco. Iste muro afóra aínda á superficie n'algúns lugares, e debeu erguerse en parapeto en toda a volta do castro, agás n'aquí

les sitios onde a penedía de grá forma unha excelente defensa.

MENSURAS.—De forma case circular mede:

Do leste ó oeste 100 metros.

Do norte ó sul 80 metros.

OBSERVAZÓNS.—No recinto castrexo non se ollan tégulas nin testos cerámicos, mais en troques no centro da área fortificada vense á fariña pedras labradas. Esta circunstancia parece denunciar n-aquél lugar unha edificazón, cuos alicerces poderían ser descubertos con pouco traballo.

O lugar de Berredo, co nome de *Berretum* ven citado en moitos documentos do Mosteiro de Celanova a cuio coto pertencece.

FOLKLORE.—Non foi posíbel acadar ningún.

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Florentino L. Cuevillas y Senén Rodríguez).

Número XII

CASTRO DE MOURILLÓS

EMPRAZAMENTO.—Na provincia de Ourense, concello de Celanova, freguesía de Mourillós. No cume de un monticelo de altor flebe, situado no marxe dereito da estrada de Celanova á Allariz, e a menos de un kilómetro da primeira das ditas vilas.

DEFENSAS.—Vese tan soio o aplainado do cume, que se nota sobor de todo na dirección norte ó sul. Pol-o leste os traballos de cultivo non deixan precisar con esaititude o borde da prateaforma.

Non hai vestixios de fosos nin de parapeños. O mesmo terraprán confúndese agora co-as abas do monte.

MENSURAS.—Dexeito seguramente oval e moi alongado, apreciándose malamente a lonxitude do eixe pequeno, pol-a circunferencia denantes indicada. O valor da cifra correspondente dáse en secuencia como aroisimado.

Do norte ó sul 65 metros.

Do leste ó oeste 35 metros.

OBSERVAZÓNS.—Nada dino de ser notado, ollamos n-este castro. Tampouco nos dirón razón do achadego de obxectos arqueolóxicos.

FOLKLORE.—Antonio Ríos Peaguda, veciño de San Lourenzo de Cañón (Celanova), conta que:

«Leu n-un libro portugués, que no outeiro de Castro de Mourillós, había un grande *haber*, que estaba encantado e gardado por unha *témpera* que tiña o corpo de lion.

Aconsellaba o libro que pra coller o tesouro fórase ó castro sen volver a vista atrás e levando acochado n-un saco, un gato negro. Ó sair o lion e perguntar ó visitante que se lle ofrecía, precisabábase ceibar o gato, pra que a *témpera* se entretivese co-il ou o come-se, e na intre había que cavar forte e apresra pra desatuar o *haber*.»

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Senén Rodríguez e Florentino L. Cuevillas).

N. da I.—Por non teren chegado a tempo os grabados d'este traballo publicaránse no próximo Número.

No próximo mes aparecerá editado por "NÓS" o libro-homenaxe

O GALO

obra póstuma de Amado Carballo.

A SANGRANTE NAMORADA

Por PEDRO DE RÉPIDE.

(LÉNDIA SOBRE DOÑA CATALINA DE SANTISO, JACENTE NO MOSTEIRO DE SOBRADO)

Ulo o cantor,
onde o joglar
para cantar
este milagre de un amor?

Na esbalancada vouta
de velusto mosteiro
onde do tempo a punta
fai ragañas na pedra
coberta pol-a edra
avistase no chan
a misteriosa albura de unha lousa
de un jacigo cristián.

Su esta lousa o eterno sono
da morte dorme unha muller;
santa esposa que ao seu dono
tanta ley soupolle ter
que por il asesinada
inda de morta e soterrada
soupo amosrarille un bon querer.

Ela era honesta e ben belida,
mal maridada a un mal Señor
que ao desamor que il lle amostraba
sempre, gentil llelo pagaba
có mellor mel de un bon amor.

Onde o joglar,
ulo o cantor
para cantar
este milagre de delor?

Mentras il con desprezos
e genreira a feria,
ela, amor e aloumiños,
en troques, devolvía.
En que ermo tan irto
seu jardín florescen!
Amábana por santa os seus vasallos
e ao cabo como mártir fenescen.

Sintindo ciúmes e envejoso
da sua súa de bondá
un día, fero, aquíl esposo
fendeulle o peito tan fermoso
con asañada crudeldá.

E só esta queija tivo, aceda,
que dixo ao tempo de espirar:
—Se o corazón da tua esposa
querías, p'ra que a matar?
Se m'o pediras, ben gustosa
eu m'o arrincara p'ra ch'o dar.—

Ulo o cantor,
onde o joglar
para cantar
esta lénda de delor?

Todo ao longo do corpo
os seus brazos tendidos,
deixan verlle no peito
—campo dos florecidos
e encantados engidos
para os amores feito—
a ferida mortal.
E destana así na escura,
fonda, caba sepulcral.

Dous meses fai que está enterrada
cando o seu pai alí chegou;
De longe vén o cabaleiro
e quere ver, que é justicieiro,
a filla infeliz, que tanto amou.

E ao reparar que o corpo estaba
tal que na hora de morrer,
sin se lle ver ningún dano,
outro milagre máis extraño
a todos fizo estremecer:

Sobre do corpo, agora,
ten ambas mans cruzadas;
arredárlle-as queren
e somellan cravadas;
é que quere con elas
encubrir o sinal
que abriu na seda da sua carne
a afiada punta do puñal.

É que a sangrante feida
vai servir de acusación
e acobillouna, piadosa,
pois quixo dar, generosa
proba así do seu perdón.

—Se a sua vida era d'él
porqué impedirlle-a tomar?—
foi o pensar da namorada
que inda de morta e soterrada
soupo sentir e soupo amar.

Onde o cantor,
ulo o joglar
para cantar
este milagre de un amor?

(Traducción de J. I. R.)

Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

FOLKLORE DE COMPOSTELA

I

A fundazón do pobo

Cando o Santo Apóstolo rematou de botar os muros de istas terras, quixo erguer unha catedral e andivo buscando sitio. De aquela escolleu unha grande carballeira e foi arrincando os carballos de ela, un por un con unha mán sômente. Dempois estendeu unha pelica no chán e marcou os lindeiros onde se tiña de levantar a catedral e foi pondo as pedras todas.

Por eso dise hoxe:

«A vila de Sant-Iago,
a vila santiaguesa,
a vila de Sant-Iago
algún día foi devesa.»

(Relatou María Vázquez, casada, de 64 anos, do lugar de Moimenta, freguesía de Macenda, ó pé do Barbanza.)

II

Xogo de resistencia

Consiste en decir sin tomar respiro: (1)

«Unha pega pegalara
puxo un ovo na Quintán.
Puxo ún... rebolou,
puxo dous... rebolou,
puxo tres... rebolou,
puxo catro... rebolou.»

e así ata que gane o xogo quen resista, ca condizón devandita, decíndoo o maior número de veces.

(1): É curioso observar que nos tratados de xinástica respiratoria, principalmente nos influídos polas doutrinas indias do *Hatha-Yoga* — onde a xinástica respiratoria chaman *pranayama* (disciplina do alento); véxanse as obras de Ramacharaka, das que hai versión portuguesa — dáse moita importancia ó exercicio de reter o alento, e tamén ó de recitar estrofas longas sen tomar alento. O doutor Zoroastriano Zur Adhust Hanish propón no seu libro *Masdanman*, recitar d'íse xeito estanzas dos *Rubaiat* de Omar Khayyam, ou o *Lord's Prayer* (Padre Nosso). Véxase empregado istintivamente pol-os rapaces o procedemento, dando apoio á teoría de Groos e Claparède en col do xogo dos nenos. V. R.

III

Os xigantóns

Unha muller ofrecida veu no día do señor Sant-Iago á ouvir a súa misa; mais topou cos xigantóns e pasmou diante de eles. Así pasou o tempo e cando acordou pra ir á catedral era tarde xa. Dempois laiábase decindo:

— ¡Pol-o mor da santa Coca perdín o demo da misa; pol-o mor da santa Coca perdín o demo da misa...!

F. B. B.

RESPOSTAS A UN QUESTIONARIO

Freguesía de Velle (Ourense)

A terra. Montes, ríos, etc. — Os montes mais conocidos da parroquia de Velle son: a Costa, Orbedal, as Tapadas, Bouza xorda, os Outeiros da Ciudá, o ceibo de Casixoba e outros moitos que non son tan conocidos, coma Bispa, os montes da Batundeira, os da Pousa, os do Lagar, etc.

Venlle o nome de Costa porque é mui pina; do Orbedal non se sabe nada; dos montes das Tapadas, chámanse así porque todos son montes cerrados e todos son mui pequenos; da Bouza xorda tampouco se sabe nada; dos Outeiros da Ciudá, dícese así porque desde elí vese mui ben a ciudá d'Ourense; o Ceibo de Casixoba, dícese Ceibo porque pr'ali van todos co gando e non tén dono particular ningún (é comunal), e dícese de Casixoba porque é o pueblito mais cerca d'íse monte; os outros montes arriba ditos, levan o nome dos mesmos pueblitos que teñen á beira.

Ríos, non ten mais que arroyos que afluyen ó Miño, en gran parte d'esta parroquia sirve de límite o río da Lonia que demarca o límite da parroquia de Velle coa de Santo Domingo d'Ourense e coa de Tibiás.

Fincas, as mais principais son o agro da Batundeira, a nabeira do Pacio, a Granxa, as Hortas e outras moitas. Estas fincas chámanse así porque levan o nome dos puebls donde están apegadas non sendo as Hortas; e estas chámanse así porque todo fruto que se cultiva elí é todo hortaliza.

Os puebls d'esta parroquia son poucos pero son grandes e de moitos veciños, pois ten o puebl de Regoufe, Cardesacho, Cacheligo, Quintela, Samamede, Casixoba, a Pedra, Senra, Fontán, Outeiro, Carretera, o Lagar, os Cãgos, o Pacio, o Roxomilo, a Granxa, a Pousa, a Batundeira, a Baldu-seira, Canibelos, Borraxeira, San Cibrán y-a Lonía, por eso é mui numerosa esta parroquia. E dícese que os nomes de istes puebls son os nomes ou apellidos ou nomeadas dos primeiros que fixeron a primeira casa nistes puebls como se sabe de certo co lugar de Cardesacho, Pousa e Cacheligo; o puebl de Cardesacho (que oxe lle chama así a xente, co demais é *casas de Sancho*), que iste foi o primeiro que fixo a primeira casa diste puebl e chamábase il así de nome; o que fixo a primeira casa no lugar da *Pousa* apellidábase il así; y-o do puebl de *Cacheligo* era apodo ou nomeada.

A xente.—A xente de antes era com'a de oxe pouco mais ou menos, pero anque comían mais mal, eran mais escravos e vivían mais anos. O tipo da xente de antes con pouca diferenca era com'o da agora.

As enfermédas d'antes non eran como as de agora, anque algunhas sean iguaes; pero as mais conecidas eran os *costados con polmonía, cólicos de barriga, y-as tercianas, a gota* e outras moitas.

Os nomes algúns eran mui rabesgados, como *Antón* (de Antonio), *Farruco* e *Pacho* (de Francisco), *Marica* (de María), *Marípepa*, *Mariguana*, compostos do nome de María e de Pepa ou Josefa, e de María e Juana y-así respectivamente.

Apellidos, os que mais se distinguon son: *do Allo, da Torre, Carballo, Pousa, Villar, do Río e Figueiras* (nome de árboes).

Apodos, o mais histórico é o de *Cadete* que lle puxeron os franceses ó abuelo do que esto escribe, ha de haber 120 anos pouco mais ou menos. E despois os apodos dos

outros son e foron causados por un mesmo por as costumbres de falar, como *Cagami-llo, Catina, Inque, Toupa, Fabeiro, Pirica, Caga no aire, Fumicario, a Mura*, etc.

Tradições históricas.—A parroquia de Velle é tamén de datos mui históricos: esta parroquia en algún tempo foi hospitalaria e hospedadería; esto foi no tempo de cando se pagaban os diezmos. Houbo moitas confradías relixiosas, como veremos n-outro lugar. Como esta parroquia estaba tan cuberta de árboes, era mui perigosa pr'os que viñan á ciudá e outros sitios, e facían moitas mortes e moitos crimines os ladrós, y-entonces os relixiosos fundaron conventos e estableceron casas de beneficencia pra socorrer ós transeuntes e istes gastos saían dos diezmos y-así toda a xente que pasaba por eiquí, cando se lle facía noite, hospedábase n-estas casas fundadas por os frades y-este foi o motivo de elixir a Santa Marta como patrona de esta parroquia; porque a Santa Marta foi a que hospedou a Jesucristo na sua mesma casa, como se pode ver no libro da sua vida, co demais, antes de esto, a patrona de esta parroquia era a Virxen do Rosario.

Os facciosos dice a xente que foron mui malos e que nesta parroquia tiveron o depósito das armas, na casa que é oxe dono d'ela Santiago Francisco. Tamén existe outra que foi cárcel naquíl tempo y-as mulleres y-os omes de aquíl tempo vironse de tal maneira enfadados que dixeron todos: ¡a morrer ou matar! e armáronse de foudes, forcanzas de ferro, cuchillos e todo o que podían discurrir e armaron semeiante batalla que por fin puderon botalos fora diste sitio.

A fala.—(Non hai resposta.)

Refrás, adiviñanzas, etc.—(Non hai resposta.)

Cántigas, romances e coplas.—(Non hai resposta.)

Contos.—A xente conta de que eiquí que houbo mouros, pero non poden dicir particularidá ningunha d'iles.

De comedias, algún día viñan algúns homes cos osos e cos monos, e con unha pandereita tocábanlle e facíanos beilar e facer ginasia e despois pedían á xente que se acer-

caban alí y así ganaban a vida; e tamén viñan titiriteiros.

A vida material. A manutención.—Algún día, a comida mais diaria era o *caldo* moi cargado de verdura, poucas patacas, poucas fabas e pouca grasa; y-o *pau* solo entraba tres veces no ano na casa, que era pol-a matanza, pol-a festa da Santa Marta e pol-a vendima. Oxe, anque como se dice bistés nos hai pra todos os días, pero pol-o menos hai pan a fartura pra todos os días do ano; patacas, fabas e grasas, todo hai con mais abundancia. Pero os días de festa sempre comían millor. Cando eran festas pequenas, facían a *vica* de fariña milla e de cebada e facían un *caldo bó*, porque lle botaban un cacho de *touciño* e comían a vica co touciño e *viño*, que casi sempre o tiñan, y-o caldo, e como dicían entón comían en grande. Y-algunhas veces comían a vica con *sardiñas*. Pero cando era a festa da Santa Marta, que era a mayor, casi todos mataban unha *pirica* e facían guisos en forma pr'aquél tempo e botaban parte da *cachucha* do marrao ou un *lacón y-arroz guisado*.

O vestido.—Antes os homes gastaban *monteira* en vez de gastar boinas ou sombreiros e *calzós* rizos, ou de pano, cada un según podía, pero todos eran cortos e con dous ou tres botós no fondo e gastaban *polainas*.

Y-as mulleres gastaban os *refaixos de pite* e gastaban *muradanas* e *dengues*. Tamén gastaban unha cinta pra suxetar o pelo da cabeza e no peinado facían fonda do pelo e peinábanse con aceite e gas misturado, dicían que era bó pra conservar o pelo e pra matar os avechuchos que criaban n-ela; pero agora tanto os homes com'as mulleres visten a estilo do país.

As roupas de casa mais conocidas son as sábanas, calzoncillos, camisas, colchas, almoadós e moitas outras pezas por o estilo, e eran de estopa e de liño e por o regular estas roupas eran tecidas no país que antes había moitas ticideiras y-ahora xa poucas hai, pero hai unha temporada que parece que se lle dan mais mérito y-algunhas tratan de aprender o oficio; tamén tecían lá.

A casa.—As casas dos pobres casi todas son d'un solo piso, compostas ou non de

varios departamentos e aproveitando moi ben os baixos pr'as cortes; están casi todas mal feitas porque o maestro das obras era o mesmo dono acompañado d'un ou mais da familia, e facíanas cada un pra sí; esto é cando eran pobres, que cando eran ricos traían bós operarios e bós maestros; si os había bós ou non, basta ver as obras dos ricos y-as obras do Estado.

Os muebles e trebellos d'antes son poucos e moi materiais, porque as *camas*, anque algunhas houbese de ferro, as outras todas son de madeira mal labrada e sin molduras, feitas á machada; as *sillas* tamén son da mesma especie; *bancos* e *arcas* todo pol-o mesmo camiño y-as *artesas* e *queixós* pro sal; únicamente si hai algún *almario* e algunha *dispensa* que parezca ben n-unha casa pero todo esto é entre pobres, que entre ricos sempre hai cousas milliores. En cambio agora xa dá gusto entrar nas casas dos pobres porque xa van tendo cousas boas.

D'outras cousas pouco hai que dicir, únicamente que os cuchilos tiñan o mango de pau, cucharas e tenedores e tazas, todo era de pau, e anque agora inda hai deso, xa hai moito de ferro, de barro e de cristal.

Os costumes. Bautizos.—Algún día según dicen, tan pronto como nacía a criatura, e a preparaban, collianna os abuelos ou os tíos e iban a bautizala, e despois de qu'a viñan de bautizar, facían unha comida estrordinaria (como dicían os vellos: «unha faba mais ó pote») de esa maneira, o parentesco e as amistades sempre quedaban na mesma familia; pero agora a xente casi toda espera que sane ben a mai da criatura e invitan ós padriños ou íles o solicitan pra a adriñar, pero casi son sempre fora da familia y-ese día hai un día de festa na casa, e d'esa maneira, aumenta o parentesco y-a amistá, pero hai o costume de que o primeiro neño ou nena que teña un matrimonio, hanlle de ser padriños os mesmos que foron da boda.

Bodas.—As bodas algún día pol-o que dicen, facíanse con mais rumbo que agora, pois o novio invitaba a todos os primos y-algún amigo íntimo, si o tiña, e tamén facía o mesmo a novia y-así xuntábase moita xente o día da boda, e os mozos compraban moitos fuegos e bombas pra botalas ise día,

y-as mozas compraban algúns dulces pros postres. Pero agora non pasa así; agora os que fan boda na casa, aínda invitan a varios da familia y-algunhos que sean amigos ou amigas dos novios y-estes en vez de comprar os fuegos y-os dulces pro día da boda, compranlle regalos pros novios e o padriño xa parece que é de obligación o regalarlle o sombreiro ó afillado y-a madriña o pañuelo de seda pra cabeza da afillada; esto é si son pobres, que si son ricos fanlle outras finezas máis grandes. Pero os que non fan boda na casa, desde que salen da igrexa os novios solos e algunhas veces os padriños tamén, márchanse a *correr a novia* como se dice, ou pasar a *luna de miel*; esto cando son ricos y-as familias refestexan ise día na casa cos invitados, pero non fan tanta festa,

como si están os novios. Algún día, según dicen, tiñan que pagarlle unha *festa de campo* ós da parroquia, o que agora solo llo exixen ós viudos, baixo a pena de lle andar coa *cinzarrada* tocándolle as bucinas e cornos e latas vellas, discurríndolle moitos versos e predicándollos de noite por toda a parroquia e facéndolle trastadas na mesma casa, hasta cantarlle o enterro.

Enterros.—N-iste pueblo sempre foi costumbre de acompañar unha ou mais persoñas de cada casa ó difunto e asistir ós actos de igrexa e en canto o cadaver está na casa mortuoria, irlle rezar elí o rosario e quedar-se elí algunhos tod'a noite pra darlle compañía á familia do cadaver.

(A seguir no número que ven)

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

ASOREY E CURROS

FIXOSE o segundo concurso de proxeitos do moimento a Curros Enríquez. O primeiro do ano pasado, ficara deserto. N'este segundo concurso ó que se persentaron once traballos, o Xurado doulle o primeiro premio á Francisco Asorey; o segundo á Adsuara, e o terceiro á Izquierdo.

Compoñían o Xurado o arquitecto Palacios, os pintores Sotomayor e Llorens, o marqués de Figueroa e o presidente da Real Academia Gallega, Don Eladio Rodríguez González, Xurado de calidade, todo galego, que cumpriu como bó.

O galeguismo, gracias á eles, conquireu un novo triunfo. Fai anos fixérase en Cambados un homenaxe á Asorey ó que asistían moitos intelectuais e artistas da nosa Terra. D'aquela recolléronse milleiras de firmas, en todos os pobos da Galiza, para pregar que fose Asorey o encargado de facer o moimento á Curros na Cruña. Un verdadeira plebiscito, moi lóxico, posto que todos estimabámos que tendo un gran escultor que levou nas Exposicións nacionais de Madrid terceira, segunda e primeira medalla, sucesivamente, significaría cousa absurda e anti-patriótica non ofrecerlle a confección do moi-

mento. Pois ben; si isto fose pouco, os galegos de Cuba e a Arxentina, que deron as maiores cantidades con destino á dita obra, despois dos serios trunfos de Asorey, reitificaron o seu primeiro criterio de levar a concurso o moimento ó autor de «Aires da miña terra».

Con todo, a Academia Gallega, por mór de compromisos incluídibéis, tivo que facer o concurso. E no concurso trunfou Asorey. O fallo do Xurado estivo perfectamente acorde co-a vontade do país. Os que tiñan un criterio antigalego n'este asunto, ficaron, pois, no ridículo.

Impúxose o que debía de se impoñere. E estamos ben seguros de que, si Curros voltase á vida, sentiríase satisfeito do fallo do Xurado. Parécenos que non sería moi exemplar nin moi patriótico que habendo na Galiza un escultor de sona, ben contrastado en Exposicións nacionais, que vive e traballa na súa terra, queréndoa e sintíndoa, se lle encargase da confección d'un moimento adicado á un galego representativo e feito con cartos galegos, á escultores alleos ó país... Elo constituiría un delito de lesa galeguidade co'a morte do estímulo para cantos quen valorizaren á Galiza, como ten de se valorizare, traballando na Terra para a Terra e sin buscar no galeguismo

unha prateira doada para facer un habil chouto arribista. Aquí, onde pol-a falla d'unha gran urbe, xa son moitos os escritores e artistas que teñen que emigrare, si encima d'isto non se recompensa, cando é de xustiza, ós que heróicamente mantéñense enraizados n'ela, sería cousa d'arrenegar do patriotismo.

A nosa embora, pois, a Asorey, ó Xurado ilustre que o premiou e a todos os bós galegos.

UNHA LENDA GALEGA

EN «A Dona das Torres» D. Angel del Castillo fixera lembranza d'unha lenda que logo o escritor castelán Pedro de Répide levou á un poema que á prego seus traduxo á nosa lingua, de xeito maxistral, o esquisito poeta galego Xosé Iglesias Roura.

Ista tradución publicámola hoxe n'outro lugar d'iste número, coidando que haberá de interesar ós lectores devotos das nosas belidas tradicións.

LIBROS

O ESTUDANTE, terceira parte de *Os Camiños de Vida*, por Ramón OTERO PEDRAYO, A Cruña, NÓS, 1928.

REMATA co-iste episodio a novela de Otero Pedrayo. A acción interior vai ganando terreo de capidoo en capidoo. Sigue a xesta heróica de Doña Ramonita, a maorazga, qu'agora traballa pra soste o sobriño en Compostela, d'estudante de Meicifia, namentras os de Doncos rematan desastradamente co seu, e o elemento novo: o tendeiro castelán, establecido á favor da estrada, achégase á freguesía como zumezuga qu'engorda co traballo dos peisanos. A traxedia toda da aldea. Namentras Paio Soutelo deprende en Sant'Yago a sandar as doenzas do corpo físico, o corpo social vese rillado pol-o tremendo microbio d'aquela xentía nova... Síntese Compostela, sen qu'o autor se pare a describila. Ten razón algún críteco: que lonxe nos achamos da Casa da Troya! Que lonxe nos atopamos da frivolidade insustancial! E namentral-o materialismo e unha cencia soberbia e inhumán vai ganando a vida do espírito, com'o comercio gana a vida material, a figura d'Adrián Soutelo pasa com'unha afirmanza d'idealidade co seu amor e o seu soño, abrindo's as portas do mais alá co-a pistola de Werther. Diante do Paio abrense todas as tentacións do mundo: *Os camiños da vida*. «Cand'o home pousa o pé

no chao, pisa cen vieiros»—di o *Cathapathabrahmanopanishad*; outro tanto di tamén Omar Khayyan nos *Rubaiyat*; e o noso pobo ergue cruceiros e petos d'ánimas nas encrucilladas, e pón nos camiños imaxes da Virxe da Guía. Deus nos axude sempre a escoller o vieiro. Paio Soutelo escolleu o mais homilde, e pol-o tanto o mais atinado; por iso a novela remata c'unhas verbas de optimismo, despois da tremenda tristura das súas páxinas, xa non tráxicas com'as dos *Señores da terra*: «Cando... cruzaba a penascada do Vedral, o médeco levaba unha cántiga nos beizos.»

O ASTURIENSE EM PORTUGAL, por R. DE SERPA PINTO, extracto do fascículo I do volume IV dos *Trabalhos da Sociedade Portuguesa do Antropologia e Etnologia*, Porto, 1928.

A asturiense, industria petrea, pre ou proto-neolítica descuberta e baptizada hai poucos anos pol-o Conde de la Vega del Solla, vai conquistando pouco e pouco a extensión xeográfica que lle postularon os seus primeiros comentadores.

Nantronte no norte da Cataluña, onde en Galiza foron sinalados xacementos asturien-ses típicos ós que agora ven engadirse estes da beiramar de Ancora (Minho) estudados ca maisima documentazón e con complot rigor científico, pol-o Sr. Ruy de Serpa Pinto, ilustre arqueólogo de Porto.

Comprende a bisbarra investigada un bóa anaco da costa minhota, abranguida entre o pobo de Moledo e o Forte do Cão ó sul do río Ancora. Alí e nos lugares penedosos que bica o mar foron recollidos numerosos exemplares de picos iguaes ós asturianos, machadiños de gume terminal e tres novas variedades de picos.

A extensión do asturiense no norte de Portugal era xa presumibel si se ten en conta a identidade etnográfica que ista rexión formou sempre ca Galiza, identidade que agora ven amostrarse que se remonta a tempos anteriores ó neolítico ó que permite supor que xa no paleolítico superior, ocupaba as dúas rexións anteditas unha mesma poboación.

O traballo do Sr. de Serpa Pinto, crara e abondosamente ilustrado, feito con grande método e con manexo de unha bibliografía complotísima, pode servir de modelo e de ensino pra elaboración de monografías de ista crás.

F. L. C.

Imp. NÓS Real, 36-1.º A CRUÑA

P A R D O

ÓPTICO CENTÍFICO

Preguntoiro, 32
SANTIAGO

San Andrés, 50
A CRUÑA

CASA EISCRUSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

FOTOGRAFABADO

Si quer qu-os seus fotografados sexan o mais perfecto posibres, convenlle envialos aos

Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Xa está a venda

O PORCO DE PÉ
(NOVELA)

por Vicente Risco.

OS PEDIDOS A NOSA ADMINISTRACIÓN

F. ROMAN E SACO

DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE

Use o novo cristal PUNTAL, fabricación de Zeis,
e escurusiva da

CASA DE LOS LENTES

Plaza Mayor, 18.

OURENSE.

Drogueria e Farmacia

LUIS FÁBREGA

Progreso, esquina a Luís Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan
millor. Véndese en todol-os estabreci-
mentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

Lea vostede

Os Camiños da Vida

por R. Otero Pedrayo.

BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE

LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macía e Valeiras, Apartado 18-Ourense

SANATORIO QUIRURGICO DE SAN LORENZO

SANTIAGO DE GALICIA

DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina

y

D. Antonio M. de la Riva

CIRUJANO

GINECÓLOGO

Establecemento dotado de todol-os elementos que exixen
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno



A hixiene nos nenos

é a garantía da súa saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás súas altas calidades meiciñás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribúe ó perfecto desenvolvemento das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN
LA TOJA**
UNICO EN EL MUNDO



O Xabón da Toxa
ademais de ser o mellor é un
producto galego que nos
honra no mundo enteiro



AGUAS DE
MONDARIZ

FUENTES DE GÁNDARAY Y TRONCOSO
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en todas las
Boticas, Droguerías
Hotels,
Depósitos d'augas
minerás,
Restaurants e
vagos-camas de
todol-os três

Estas augas, de sona universal son o reme-
dio enxebre e eficacísimo

cand'un quer combater o
Artrismo, a Diabetes, Desnutrizón, Obesi-
dades diversas, doenzas do Aparello dixe-
tivo, Anemia e Neurastenia

Riquísima auga de mesa
gaseada naturalmente

MONDARIZ-BALNEARIO Áchase á 35 Km. de VIGO